

Diario Oficial de Galicia

luns, 21 de abril de 2003

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

Número do Dog: **76** Páxina do Dog: **4.958**
Data da Disposición: **4 de febreiro de 2003**
Sección: **III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**
Organismo: **CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS, EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS**
Rango: **Resolución**
Título: **Resolución do 4 de febreiro de 2003, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, do convenio colectivo do sector de hostalería.**

Resolución do 4 de febreiro de 2003, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, do convenio colectivo do sector de hostalería.

Visto o texto do convenio colectivo do sector de hostalería, con nº de código 3600765, que tivo entrada nesta delegación provincial o día 20-1-2003, subscrito en representación da parte económica pola Federación Provincial de Empresarios de Hostalería (Fepros), Asociación de Empresarios de Hospedaxe da Provincia de Pontevedra (Asehospo) e a Asociación de Salas de Festas e Recreativos, e, da parte social, polas centrais sindicais CC.OO., UGT e CIG, en data 17-11-2002. De conformidade co disposto no artigo 90.2º e 3º, do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, Real decreto 1040/1981, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo e Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo, esta delegación provincial

ACORDA:

Primeiro.-Ordena-la súa inscrición no libro de rexistro de convenios colectivos de traballo, que consta nesta delegación provincial, e a notificación ás representacións económica e social da comisión negociadora.

Segundo.-Ordena-lo seu depósito no Servicio de Relacións Laborais, Sección de Mediación, Arbitraje e Conciliación.

Terceiro.-Dispoñe-la súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Vigo, 4 de febreiro de 2003.

Joaquín Macías Sánchez

Delegado provincial de Pontevedra

Convenio colectivo provincial de hostalería

Anos 2002, 2003 e 2004

I. Ámbito de aplicación e disposicións xerais.

Artigo 1º.-Ámbito persoal e territorial.

A regulación das condicións de traballo, a través da negociación colectiva contida neste convenio, rexerá para as empresas e traballadores/as que, con centros de traballo radicados na provincia de Pontevedra, se dediquen á actividade de hostalería incluídas as recreativas e de ocio, e carezan de convenio propio.

Artigo 2º.-Vixencia e efectos económicos.

Con independencia da data en que se asine e da súa publicación no BOP, este convenio terá vixencia e efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2002 ata o 31 de decembro de 2004.

Artigo 3º.-Denuncia.

A denuncia deste convenio colectivo, efectuada por calquera das partes lexitimadas para iso, realizarase por escrito no que constarán os artigos que se pretendan renegociar, ou a proposta de modificación que se solicita, co cal perderán a súa vixencia. Os demais seguirán vixentes un ano máis.

Co fin de evitar un baleiro legal, os artigos denunciados que no teñan cobertura por disposición legal manterán a súa vixencia en tanto no se substitúan por outros negociados entre as partes interesadas, quedando no demais as relacións entre empresa e traballador/a suxeitas ó que dispoña a lexislación legal vixente aplicable ó caso.

Da denuncia, efectuada conforme o parágrafo primeiro, darase traslado, dentro dos tres últimos meses de vixencia do convenio, a cada unha das partes que, segundo consta no artº. 5º, o negociaron.

En caso de non efectuarse a denuncia na forma prevista, este convenio prorrogarase de maneira automática en tódolos súas termos por un prazo dun ano e así sucesivamente en tanto non se faga a correspondente denuncia.

Artigo 4º.-Comisión paritaria.

Constitúese unha comisión paritaria con fins de interpretación e vixilancia do cumprimento das estipulacións do convenio.

Formarán parte desta os vocais que en representación dos traballadores e empresarios asinaron o acordo este convenio, e será convocada cando así o solicite calquera das partes.

Artigo 5º.-Partes negociadoras.

Intervíñeron na negociación deste convenio, en representación dos traballadores/as, as centrais sindicais CC.OO., UGT, e CIG e por parte empresarial, a Federación Provincial de Empresarios de Hostalería (Fepros), a Asociación de Salas de Festas e Recreativos e a Asociación de Empresarios de Hospedaxe da Provincia de Pontevedra (Asehospo).

Artigo 6º.-Condicións máis beneficiosas.

A tódolos traballadores /as respectaráselles como condición máis beneficiosa a cantidade que viñera percibindo, en canto fora superior á que resulte por aplicación deste convenio, excluindo no dito cómputo comparativo anual os importes correspondentes ós complementos de: antigüidade, manutención e aloxamento, por dereitos adquiridos a 31-12-1997,

e transporte mensual, conceptos estes que ó no entrar no referido cómputo anual se percibirán con independencia do seu resultado.

Artigo 7º.-Lexislación subsidiaria.

No non previsto neste convenio haberá que atermos ó disposto na lexislación e/ou normativa de carácter xeral legalmente vixente en cada momento e aplicable ó caso.

II. Contratacións e cesamentos.

Artigo 8º.-Contratacións.

O contrato de traballo poderase celebrar nas diferentes formas establecidas pola normativa laboral vixente en cada momento, formalizándose por escrito nos supostos que contemple a lexislación conforme esta, entregándolle copia deste contrato ó interesado/a.

Cando se celebren contratos, ó abeiro do artigo 15 punto b) da Lei 1/1995, do 24 de marzo, estes poderán ter unha duración máxima de 12 meses dentro dun período de 18. No caso de que se concerte o contrato por un prazo inferior ós doce meses, poderá ser prorrogado por unha única vez mediante acordo das partes, sen que a duración total do contrato poida exceder do dito límite máximo.

Tódolos contratos eventuais ou por obra ou servizo terán unha indemnización a súa finalización de 10 días de salario por ano traballado durante o ano 2003 e 12 días de salario por ano traballado a partir do 1 de xaneiro de 2004, ou no seu defecto, da parte proporcional que lle corresponda se a duración do contrato fose inferior a un ano.

Contratos formativos (artigo 11, punto 2, letra c) da Lei do Estatuto dos traballadores (LET). En ningún caso, a duración mínima pode ser inferior a 6 (seis) meses nin a máxima superior a 3 (tres) anos e a súa retribución será o 80% o primeiro ano de contrato e o 85% os dos seguintes, calculado sobre o salario fixado en convenio para a categoría en que se vai forma-lo traballador.

A partir do 1-1-2003, as empresas que en temporada baixa teñan máis de dez traballadores, obríganse a ter unha porcentaxe mínima dun 35% fixos. Cando por aplicación da porcentaxe resultase unha fracción, esta redondearase á alza ou á baixa, servindo como referencia o 0,50.

Artigo 9º.-Cesamentos.

O cesamento voluntario por dimisión do traballador/a, nos casos que recolle a lei, deberá ser comunicado á empresa de forma fidedigna cunha antelación mínima de quince días á data en que deba producirse.

O incumprimento desta obriga sancionase por parte da empresa na forma prevista na mesma lei, norma ou regra vixente en cada momento.

Artigo 10º.-Información sindical.

En cumprimento do disposto no artigo 1 da Lei 2/1991, do 7 de xaneiro, e en tanto conserve esta

a súa vixencia, a empresa estará obrigada a entregarlles ós representantes dos traballadores/as esta, a documentación a que fan referencia os números 1 e 2 do citado artigo, así como a información á que alude, o número 3 deste.

Os representantes dos traballadores/as asumen así mesmo, a obriga de sigilo con respecto ós datos que, en cumprimento das disposicións citadas, obteñan da empresa. O incumprimento desta obriga de sigilo supoñerá o quebrantamento de segredo profesional.

Artigo 11º.-Liquidacións por cesamento.

A empresa entregará unha proposta de liquidación das cantidades debidas xuntamente coa comunicación de aviso previo de extinción do contrato ou da súa denuncia, cando o traballador/a o solicite.

Cando o traballador/a o solicite no momento da sinatura do seu recibo de liquidación (anexo III), a empresa permitirá a presenza dun dos seus representantes nesta e se non o houbera, e o traballador/a o solicita, permitirá a de calquera outro representante legal.

Se estivese no seu dereito e dentro dos prazos previstos pola lei para iso, o traballador/a poderá efectuar reclamación sobre a súa liquidación, relacionada ó período en que prestou os seus servizos na empresa.

Artigo 12º.-Mobilidade funcional.

O traballador/a deberá cumprir as instrucións do empresario ou persoa en quen este delegue no exercicio habitual das súas facultades organizativas e directivas, debendo executar os traballos e tarefas que se lle encomenden, dentro do contido xeral da prestación laboral. Neste sentido, poderá levarse a cabo unha mobilidade funcional no seo da empresa, exercendo como límite para esta o disposto nos artigos 22 e 39 do vixente texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores.

Para estes efectos teranse en conta os grupos profesionais que se establecen neste convenio.

III. Xornada de traballo, licencias, excedencias e vacacións.

Artigo 13º.-Xornada de traballo.

A xornada laboral, durante a vixencia deste convenio fíxase en mil oitocentas horas (1.800) de traballo efectivo en cómputo anual para cada un dos tres anos. A promulgación de disposición oficial que varíe esta, producirá a súa inmediata aplicación desde a data da súa entrada en vigor aínda que sen efectos retroactivos.

Esta xornada anual poderase repartir semanalmente das seguintes formas:

- a) A 8 horas diarias de luns a domingo con dous días de descanso consecutivos.
- b) A 7 horas 15 minutos de luns a domingo con día e medio de descanso consecutivo. O medio día sería de 3 horas e 45 minutos.
- c) Calquera outra sempre que exista acordo entre empresa e traballador e dentro das 1.800 horas anuais e os límites que en materia de xornada diaria e semanal marca a lexislación vixente.

As empresas facilitaranlles ós representantes dos traballadores/as nestas os cadros horarios laborais xerais cando así o soliciten.

Os excesos no tempo de prestación efectiva, en cómputo anual, compensaranse en tempo libre equivalente ou serán aboados de mutuo acordo entre o traballador/a e a empresa.

Artigo 14º.-Descanso semanal.

O descanso semanal establecido neste convenio é día e medio ininterrompido, ou dous días, dependendo da aplicación do artigo anterior, e o seu desfrute será sinalado pola empresa coa suficiente antelación, non podendo ser variado sen consentimento dos afectados/as, salvo especiais circunstancias ou necesidades do servizo, mediando, neste caso, aviso ó interesado/a con tempo suficiente. Iso enténdese sen prexuízo do descanso que teña algún traballador/a recoñecido e que represente mellora con respecto ó aquí regulado que, en todo caso, se respectará.

O/a traballador/a que teña contrato a xornada completa nunha empresa, non poderá presta-los seus servizos en ningunha outra do sector. Ó facelo sería unha competencia desleal e por tanto falta moi grave.

Artigo 15º.-Licencias.

O/A traballador/a previo aviso e xustificación poderá ausentarse do traballo con dereito a retribución económica polos motivos e durante o tempo que a seguir se especifica, se é que asiste ó acto que xustifica tal licenza, e o acredita:

- a) 15 días naturais en caso de matrimonio.
- b) 3 días naturais en caso de nacemento dun fillo/a, se reside na mesma localidade do centro de traballo, que se ampliarán a cinco no caso de que resida a máis de 500 km deste.
- c) 4 días naturais por falecemento, enfermidade grave, accidente grave u hospitalización, de cónxuxe, pais, avós, irmáns e fillos/as do traballador, sexa o parentesco por consanguinidade ou afinidade que se ampliará a 6 días cando o suceso

teña lugar a máis de 500 km de distancia do centro de traballo.

d) 1 día natural por enfermidade grave de tíos.

e) 1 día natural por primeira comunión de fillos/as.

f) 1 día natural por razón de matrimonio de pais, fillos/as, irmáns e tíos, sexa a relación por consanguinidade ou afinidade. Se a voda se celebra a máis de 500 km do seu domicilio serán 3 días.

g) Polas horas precisas, e con xustificación visada do médico da Seguridade Social que teña asignado, cando por razón de enfermidade, o traballador/a precise a asistencia a consultorio médico en horas coincidentes coa súa xornada laboral, sempre que a urxencia o determine, tendo neste caso, o traballador/a, que comunicarlle á empresa a dita saída con tempo suficiente de preve-la súa falta.

h) 2 días naturais por falecemento de tíos e sobriños, sexa o parentesco por afinidade ou consanguinidade.

i) 2 días naturais por cambio do seu domicilio habitual, sempre que sexa con traslado dos mobles do dito domicilio, debendo xustificarse.

j) Os traballadores/as terán os dereitos contemplados no E.T. no artigo 37.5º e 6º (conforme a redacción do artigo 2.2º e 3 da Lei 39/1999, sobre conciliación da vida familiar e laboral) de tal maneira que deberá modificarse automaticamente ó mesmo tempo e na mesma liña que o faga o texto legal citado.

As parellas de feito legalmente recoñecidas terán dereito ó desfrute das licencias anteriormente relacionadas.

Artigo 16º.-Permiso por atención de fillos lactantes.

As traballadoras por lactación dun fillo menor de nove meses terán dereito a unha hora de ausencia do traballo que poderán dividir en dúas fraccións. A muller, pola súa vontade poderá substituír este dereito por unha redución da súa xornada en media hora coa mesma finalidade. De mutuo acordo entre empresa e traballador a hora ininterrompida poderá desfrutarse ó comezo ou ó final da xornada.

Este permiso poderá ser gozado indistintamente pola nai ou o pai en caso de que ambos traballen.

Artigo 17º.- Suspensión con reserva de posto de traballo.

Os/As traballadores/as terán os dereitos contemplados no artigo 48.4º do E.T. (conforme a redacción establecida en artigo 5 da Lei 39/1999, sobre conciliación da vida familiar e laboral) de tal maneira que se modificará automaticamente na forma que se modifique o texto legal.

Artigo 18º.-Protección da maternidade.

Os traballadores/as terán os dereitos contemplados no E.T. no artigo 16 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, sobre prevención de riscos laborais.

Artigo 19º.-Excedencias.

Os traballadores/as terán os dereitos contemplados no E.T. no artigo 46.3º do E.T (conforme a redacción establecida en artigo 4º da Lei 39/1999, sobre conciliación da vida familiar e laboral) de tal maneira que se modificará automaticamente na forma que se modifique o texto legal.

Excedencia voluntaria. O persoal afectado por este convenio coa antigüidade mínima na empresa contemplada na lexislación vixente en cada momento, terá dereito a unha excedencia voluntaria de duración non inferior a un mes nin superior a 5 anos.

Se un mes antes de termina-la excedencia, o traballador solicitara a súa reincorporación, a empresa obrígase a readmitilo á finalización desta, sempre que houbera vacante, e neste caso, con igual antigüidade que a que tiña recoñecida ó inicio da concesión da excedencia.

Ata transcorridos 4 anos desde a finalización do desfrute desta excedencia voluntaria á que ten dereito, o traballador/a no poderá solicitar outra excedencia.

O traballador que durante o desfrute da excedencia exerza actividade que concorra coa da empresa ou lle faga competencia, salvo que a actividade profesional se leve a cabo no estranxeiro, perderá o seu dereito de reincorporación a esta excepto que a lexislación vixente en cada momento o permita.

Artigo 20º.-Vacacións.

As vacacións anuais terán unha duración de 30 días naturais. Desfrutaranse de forma ininterrompida se entre empresa e traballador/a non acordan o seu fraccionamento, respectándose as máis amplas que por norma, costume ou condición máis beneficiosa viñeran desfrutándose en empresas ou grupos de traballadores/as. O seu desfrute deberá efectuarse dentro do ano natural ó que se corresponde sen que caiba a súa compensación en metálico. Aproveitando para iso as épocas de menor actividade da empresa.

Os traballadores/as que na data fixada para o comezo das vacacións no contemplaran unha xornada laboral dun ano de traballo efectivo na empresa, gozaranas en proporción ó tempo da xornada efectivamente traballada.

De común acordo entre a empresa e o traballador, as festas aboables e non recuperables traballadas poderán acumularse ás vacacións anuais ou ser desfrutadas como descanso continuado en período distinto. En ámbolos dous casos, respectarase o descanso semanal que corresponda en cómputo anual sen que esta acumulación de festas aboables e non recuperables signifique redución no tempo de traballo efectivo que son mil oitocentas horas anuais.

Durante o desfrute das vacacións anuais, o traballador/a percibirá da empresa o salario real que lle correspondan polos distintos conceptos retributivos.

IV. Seguridade e saúde.

Artigo 21º.-Comedores e vestiarios.

As empresas que dean manutención a persoal por dereitos adquiridos antes do 31-12-1997 ou mentres no venza o seu contrato se foi asinado antes desa data, facilitaranlles un lugar digno e adecuado para

uso como comedor deses traballadores/as, que o manterán limpo e en perfectas condicións de utilización.

En iguais condicións disporán de vestiarios e duchas.

Artigo 22º.-Recoñecemento médico.

Tódolos traballadores/as afectados por este convenio terán o dereito de someterse ó recoñecemento médico detallado na Lei de saúde laboral, polo menos, unha vez ó ano, en data a determinar pola empresa e de acordo cos representantes dos traballadores/as nesta, se os houbera, non sendo a cargo dos traballadores o custo do citado recoñecemento.

V. Dereitos sindicais de representación.

Artigo 23º.-Organización sindical dos traballadores da empresa.

As empresas considerarán os sindicatos, debidamente implantados no seu seo, como elementos básicos para encamiñalas relacións entre traballadores/as e empresa.

Na súa consecuencia, as empresas respectarán o dereito de tódolos traballadores/as que o desexen a sindicarse libremente, no sendo iso un obstáculo para a súa contratación.

As empresas recoñecen o dereito dos traballadores/as afiliados/as a un sindicato a celebrar reunións, recadar cotas e distribuír información sindical fóra das horas e lugar de traballo e sen perturba-la normal actividade das empresas.

En tódalas empresas de máis de 25 traballadores/as, deberá existir un taboleiro de anuncios no que os sindicatos debidamente implantados nela poderán dar publicidade a informacións e comunicacións non contrarias á lei ou que danen e/ou prexudiquen a empresa.

Artigo 24º.-Representantes dos traballadores/as.

Os comités de empresa e delegados/as de persoal terán os dereitos, facultades e obrigas que sobre a materia determine a lexislación vixente en cada momento.

Artigo 25º.-Garantía dos representantes dos traballadores.

Os membros do comité de empresa e delegados do persoal no poderán ser despedidos ou sancionados durante o exercicio legal das súas funcións se a causa do despedimento ou sanción se basea precisamente neste exercicio legal da súa representación, nin por tal causa, no ano inmediatamente seguinte ó seu cesamento, salvo que este se produza por revogación ou dimisión.

Se o despedimento ou sanción por faltas moi graves ou graves obedecera a outras causas, deberá tramitarse expediente contradictorio no que serán oídos, ademais do interesado, o comité de empresa ou os restantes delegados/as de persoal, se os houbera.

Os citados representantes dos traballadores/as no poderán ser discriminados na súa promoción profesional ou económica por causa do desempeño da súa representación.

Artigo 26º.-Crédito horario.

Os membros do comité de empresa e delegados/as do persoal poden dispoñer dun crédito de horas mensuais retribuídas para o exercicio das súas funcións de representación, que xustificarán ante a empresa, conforme a seguinte escala fixada en función do número medio de traballadores/as do centro de traballo respectivo:

-Ata 50 traballadores/as, quince (15) horas en total.

-Máis de 50 traballadores/as, vinte (20) horas en total.

As horas establecidas para os delegados/as sindicais serán acumuladas durante o ano en cómputo semestral procurando

que durante os meses de xuño, xullo, agosto e setembro, se realice o menor número de actividades sindicais.

Non se computará dentro do crédito anual máximo legal o exceso do tempo que sobre este se produza con motivo da designación dos delegados/as de persoal ou membros do comité de empresa como compoñentes de comisións negociadoras de convenios polo ámbito de aplicación dos cales se encontren afectados a empresa e os representantes sindicais, sempre que se utilicen para asistir á celebración de sesións oficiais de tales negociacións e se notifique con tempo suficiente á empresa as datas de tales reunións co fin de preve-la súa falta do posto de traballo.

VI. Salario e complementos.

Artigo 27º.-Salario.

O salario bruto base mensual para os traballadores/as afectados por este convenio durante 2002 é o do nivel salarial que lle corresponda á súa categoría profesional dentro da que teña o establecemento no que traballe e segundo a sección á que pertenza o dito establecemento, de acordo coas táboas salariais por niveis anexas a este (anexo III), que se obtiveron incrementando as do ano 2001 o 3,5%.

Para 2003 o salario bruto base mensual para os traballadores/as afectados por este convenio, será o resultante de incrementa-las táboas salariais de 2002 o IPC previsto polo Goberno para ese ano 2003 máis o 1%, tendo en conta o que dispón sobre redución de niveis salariais o artigo 40 deste convenio.

Para 2004 o salario bruto base mensual para os traballadores/as afectados por este convenio será o resultante de incrementar-lles ás táboas salariais de 2003 o IPC previsto polo Goberno para ese ano 2004 máis o 1%, tendo en conta o que dispón sobre redución de niveis salariais o artigo 40 deste convenio.

O salario hora calcularase da seguinte forma:

Salario base hora:

Salario base mensual, máis complemento de antigüidade a quen polo estipulado neste convenio lle correspondera percibilo, multiplicado por once e dividido entre 1.800 horas:

(s.b.m. (+a)) multiplicado x once

= salario horas

mil oitocentas horas ano (1.800 horas ano)

Pagas extras hora:

Salario base mensual, máis complemento de antigüidade a quen polo estipulado neste convenio lle correspondera percibilo, multiplicado por tres e dividido entre 1.800 horas:

(s.b.m. (+a)) multiplicado x tres

= salario horas

mil oitocentas horas ano (1.800 horas ano)

Vacacións hora:

Salario base mensual, máis complemento de antigüidade a quen polo estipulado neste convenio lle correspondera percibilo, multiplicado por un e dividido entre 1.800 horas:

(s.b.m. (+a)) multiplicado x un

= salario horas

mil oitocentas horas ano (1.800 horas ano)

Artigo 28º.-Revisión salarial.

No ano 2003, tan pronto se coñeza a cifra real do IPC a 31 de decembro de 2002, se este superase ó aplicado como subida, revisarase e regularizará conforme este, con efectos retroactivos ó 1-1-2002 en tódolos conceptos económicos.

No ano 2004, tan pronto se coñeza a cifra real do IPC a 31 de decembro de 2003, se este superase o IPC previsto polo goberno para o ano 2003, revisarase e regularizarase conforme este, con efectos retroactivos ó 1-1-2003, en tódolos conceptos económicos.

No ano 2005, tan pronto se coñeza a cifra real do IPC a 31 de decembro de 2004, se este superase o IPC previsto polo goberno para o ano 2004, revisarase e regularizarase conforme este, con efectos retroactivos ó 1-1-2004, en tódolos conceptos económicos.

O salario do ano 2004 unha vez revisado, servirá de base de negociación para o seguinte convenio.

Artigo 29º.-Garantía de salario mínimo.

Se como consecuencia da modificación legal da contía de salarios mínimos interprofesionais os traballadores/as dalgunha categoría percibiran en cómputo anual, retribución inferior á que lles correspondería pola aplicación daqueles, procederase a adapta-la súa retribución ó novo importe desde a mesma data de entrada en vigor da citada modificación legal.

Artigo 30º.-Gratificacións extraordinarias.

Establécense como gratificacións extraordinarias as de xullo, decembro e setembro, que se aboarán os días 15 de cada un dos meses citados, pola contía dunha mensualidade de salario base cada unha, máis se é o caso, o mesmo importe correspondente ó complemento de antigüidade por dereitos adquiridos que o traballador/a viñera percibindo.

O traballador/a que non teña un ano de traballo efectivo ó servizo da empresa cobrará cada gratificación proporcionalmente ó tempo efectivamente traballado.

Artigo 31º.-Complemento de nocturnidade.

As horas traballadas entre as 0 e as 8 horas terán a consideración de nocturnas e consecuentemente retribuiranse cun incremento do 25% sobre a contía do salario base que se deriva das táboas de niveis salariais do anexo I, salvo que o salario se establecera atendendo a que o traballo sexa nocturno pola súa propia natureza.

Artigo 32º.-Complemento de antigüidade.

O complemento de antigüidade percibirano unicamente aqueles traballadores/as que á entrada en vigor deste convenio o teñan recoñecido nas súas nóminas como complemento de antigüidade por dereitos adquiridos a 31-12-1993 o cal se incrementará durante a vixencia deste convenio nas mesmas porcentaxes que o salario base.

Os traballadores/as que non tiveran recoñecido en nómina o dito complemento con anterioridade ó 1 de xaneiro de 1994, no o xerarán.

Artigo 33º.-Persoal con dereito a manutención e/ou aloxamento.

O persoal que a 31-12-1997 tivera recoñecido en súa nómina ou contrato de traballo dereito a manutención e/ou aloxamento, continuarano desfrutando en iguais condicións que ata esa data ou ata que lle venza o contrato temporal caso de telo asinado antes desta se non acordan a súa modificación entre empresario/a e traballador/a. Aqueles que non tiveran recoñecido tal dereito non o xerarán.

Artigo 34º.-Manutención e aloxamento.

Toda persoa que a 31-12-1997, teñan en súa nómina o dereito recoñecido a unha manutención e/ou aloxamento, seguirá mantendo este dereito en iguais condicións que estivo ata entón sen ningunha variación, mentres continúe nesta empresa.

O importe mensual en metálico por cada uno dos citados complementos, para aqueles que tiveran ese dereito adquirido a 31-12-1997, establécese para o ano 2002 na seguintes contías:

-Por manutención: 28,58 euros.

-Por aloxamento: 1,66 euros.

Nos anos 2003 e 2004, estas cantidades veranse incrementadas nas mesmas porcentaxes que o salario base.

Aqueles que a 31-12-1997 no tivesen recoñecido este dereito na súa nómina, non o adquirirán a posteriori, polo que a empresa que no dea a manutención ós traballadores/as, sempre que estes non teñan xornada continuada, establecerá un tempo de dúas horas entre saída dunha quenda e entrada doutra para o almorzo. Os de quenda seguida disporán para xantar, do tempo que marque a lei en cada momento.

VII. Outras retribucións.

Artigo 35º.-Complemento de transporte.

Tódolos traballadores/as do sector percibirán no ano 2002 un complemento de transporte na contía de 2,26 euros por día efectivo de traballo, sexa o seu contrato a tempo parcial ou a tempo completo.

Nos anos 2003 e 2004, estas cantidades veranse incrementadas nas mesmas porcentaxes que o salario base.

Artigo 36º.-Complemento por IT.

